

Un declive auto-imposto: a avaría institucional da política estadounidense

Jared D. Larson

Os obxectivos da presente análise son dous: contextualizar o declive internacional de Estados Unidos e explicar como se reflicte na diplomacia estadounidense. Centrara-se nos problemas existentes nas relacións institucionais entre o Congreso (o Senado e a Cámara de Representantes no seu conxunto) por unha banda e a Casa Branca pola outra, aínda máis de relevo agora despois das recentes eleccións ao Congreso de novembro de 2014, cun resultado que implica un duro castigo ao Presidente Barack Obama e o seu Partido Demócrata.

Xa existe unha longa literatura sobre “o final do imperio americano”⁽¹⁾ que, desde a metade do século pasado e debido ás súas aventuras no Medio Oriente, sobre todo durante os oito anos de mandato do ex presidente George W. Bush (2001-2009), está reflectida no papel abundando nos poderes do Executivo ante o Congreso nos asuntos da política exterior⁽²⁾.

Por conseguinte, a nosa meta actual é volver a centrarnos na política interna. Segundo o antigo refrán estadounidense, “toda política é local”⁽³⁾, e dende fóra de EUA, non sempre se aprecian todos os matices e os obstáculos consubstanciais que condicionan a maquinaria goberamental do sistema

A chave para entender o declive internacional actual é comprender a avaría institucional da política interna, que leva mais de cincuenta anos confeccionándose, desde a invasión a Cuba (Bahía de Cochinos, 1962), a Revolución iraniana (1979), a caída do Muro de Berlín (1989), o final da Guerra Fría (1991), a denominada Guerra contra o Terrorismo (2001), e culminando na mera existencia dun tal Barack Obama (2008).

Dous meses antes destas últimas eleccións ao Congreso, a metade do segundo e derradeiro mandato de Obama, Francis Fukuyama, o mesmo que anunciou en 1992 “o fin da historia” e o triunfo da democracia liberal na guerra ideolóxica entre EUA e a URSS⁽⁴⁾ publicou un artigo sobre o deterioro da política estadounidense na revista *Foreign Affairs*⁽⁵⁾.

Aínda que en 2014 non fixo ningunha referencia ao seu coñecido e polémico traballo de hai mais de vinte anos, parece que Fukuyama non anticipou que o final dunha longa guerra ideolóxica internacional desataría outra nova guerra ideolóxica civil no seo da mesma parte vencedora da anterior. Non pretendo analizar ou aproveitar demasiado do seu último artigo pero para a presente reflexión ofrécenos un bo punto de partida.

Fukuyama asegura que a estrutura e os procedementos do sistema e das institucións políticas estadounidenses non se adaptaron ás realidades do século actual, citando problemas con ambos partidos políticos, o Congreso, os tribunais, os lobbies, a burocracia, etc. Requiriría cegueira total ou unha imaxinación moi activa para non estar de acordo. Pero a nosa meta agora é vincular esa disfunción interna coa política exterior para entender mellor o comportamento (ata a parálise) diplomático actual de Washington e tentar adiviñar se o aparente declive do país afondaría-se ou non.